

ESTA CHUVIA NUNCA VAI CESAR

Alina Gorlova, 2020

917

ESTREA EN NUMAX: 13.04.2022 | V.O.S.E.

Despois de fuxir da guerra de Siria, a familia Suleyman espallouse por Europa. Lazgin vive coa súa familia en Ucraína, o seu irmán Koshnhav está en Alemaña, un terceiro irmán está no Irak kurdo e un cuarto ficou en Siria. Profética peza sobre os horrores da guerra filmada en 2020 por Alina Gorlova, que vive actualmente baixo o asedio a Kiev.

«A través da viaxe de Andriy os espectadores collen consciencia do ciclo implacable de guerra e paz»

Davide Abbastecianni, CINEUROPA

Máis información e entradas en



ESTA CHUVIA NUNCA VAI CESAR

Alina Gorlova, 2020

917

ESTREA EN NUMAX: 13.04.2022 | V.O.S.E.

Despois de fuxir da guerra de Siria, a familia Suleyman espallouse por Europa. Lazgin vive coa súa familia en Ucraína, o seu irmán Koshnhav está en Alemaña, un terceiro irmán está no Irak kurdo e un cuarto ficou en Siria. Profética peza sobre os horrores da guerra filmada en 2020 por Alina Gorlova, que vive actualmente baixo o asedio a Kiev.

«A través da viaxe de Andriy os espectadores collen consciencia do ciclo implacable de guerra e paz»

Davide Abbastecianni, CINEUROPA

Máis información e entradas en



ESTA CHUVIA NUNCA VAI CESAR

Alina Gorlova, 2020



Presaxios

Por Ramón Rey

A mutabilidade do significado dunha obra cinematográfica co paso do tempo está máis que probada. No caso de filmes relacionados con conflitos políticos, sociais e bélicos en curso non hai nada máis fluído que a interpretación das súas imaxes. A longametraxe documental *This Rain Will Never Stop* sería un caso paradigmático desta posición respecto á arte e a súa conexión co mundo, da súa natureza de extensión da realidade que se retroalimenta mutuamente. A fita comeza na rexión ucraína do Donbass en 2014, co derrocamento do goberno prorruso de Viktor Yanukovich, a anexión de Crimen por parte de Rusia, a proclamación unilateral das repúblicas de Donetsk e Luhansk e unha guerra civil. Nese contexto a cámara de Gorlova repara nun voluntario da Cruz Vermella, un mozo sirio de orixe kurda que, tras fuxir da guerra noutra crise migratoria de arrepiantes dimensións, agora se encontra cunha situación similar no que cría ía ser un lugar seguro lonxe da violencia e a morte.

O filme está dividido en 11 segmentos, algo que a conecta coa formulación narrativa de *Donbass* (2018) de Sergei Loznita, e ofrece unha aproximación impresionista do traballo de Suleyman, ofrecendo axuda humanitaria ou comunicándose coa súa familia dispersa entre Alemaña, Iraq e Siria. Pero *This Rain Will Never Stop* propónse tamén, desde certa distancia, mostrar as consecuencias na poboación civil dun conflito que queda no fóra de campo desde unha perspectiva observacional. A mirada da directora alterna formalmente ambos puntos de vista, a cámara en man que segue un personaxe e a súa historia persoal de fuxida da guerra cos planos fixos das rúas, as masas a transitar un posto fronteirizo ou a actividade dentro dunha fábrica de tanques. A progresión da súa metraje vai levando tamén desde unha descrición máis de carácter global a unha individual.

A pesar da distancia e o cambio de paisaxe, as situacións e os conflitos son os mesmos para a poboación. A migración forzada por centos de miles de persoas e a violencia sistemática que sofren está moi presente. E este podería ser o maior logro do filme, rexistrar os reflexos, ecos e resonancias entre conflitos de países situados a miles de kilómetros con culturas e antecedentes moi distintos. Desta maneira o conflito de Siria explórase a través do ucraíno e viceversa, presaxiando a situación de millóns de ucraínos que están a fuxir agora da guerra.

A historia repítase en diversos lugares con diferentes persoas pero as consecuencias son sempre as mesmas en canto ao sufrimento de inocentes, que só queren seguir coas súas vidas. Cando Suleyman fala nun evento do centenario da Cruz Vermella e da súa experiencia como voluntario, irrompe gradualmente o son dun desfile militar e a transición ás imaxes da multitude de soldados uniformados marchando que ao remate compara nunha montaxe rápida co desfile do orgullo LGBT, as festas populares, as celebracións familiares e a multiculturalidade das rúas alemás. A utilización de elementos simbólicos a través da montaxe pretende obviar calquera posicionamento ideolóxico apriorístico, pero tamén sacrifica a análise das súas causas desde as condicións políticas e históricas.

Publicado en cinemaldito.com

ESTA CHUVIA NUNCA VAI CESAR

Alina Gorlova, 2020



Presaxios

Por Ramón Rey

A mutabilidade do significado dunha obra cinematográfica co paso do tempo está máis que probada. No caso de filmes relacionados con conflitos políticos, sociais e bélicos en curso non hai nada máis fluído que a interpretación das súas imaxes. A longametraxe documental *This Rain Will Never Stop* sería un caso paradigmático desta posición respecto á arte e a súa conexión co mundo, da súa natureza de extensión da realidade que se retroalimenta mutuamente. A fita comeza na rexión ucraína do Donbass en 2014, co derrocamento do goberno prorruso de Viktor Yanukovich, a anexión de Crimen por parte de Rusia, a proclamación unilateral das repúblicas de Donetsk e Luhansk e unha guerra civil. Nese contexto a cámara de Gorlova repara nun voluntario da Cruz Vermella, un mozo sirio de orixe kurda que, tras fuxir da guerra noutra crise migratoria de arrepiantes dimensións, agora se encontra cunha situación similar no que cría ía ser un lugar seguro lonxe da violencia e a morte.

O filme está dividido en 11 segmentos, algo que a conecta coa formulación narrativa de *Donbass* (2018) de Sergei Loznita, e ofrece unha aproximación impresionista do traballo de Suleyman, ofrecendo axuda humanitaria ou comunicándose coa súa familia dispersa entre Alemaña, Iraq e Siria. Pero *This Rain Will Never Stop* propónse tamén, desde certa distancia, mostrar as consecuencias na poboación civil dun conflito que queda no fóra de campo desde unha perspectiva observacional. A mirada da directora alterna formalmente ambos puntos de vista, a cámara en man que segue un personaxe e a súa historia persoal de fuxida da guerra cos planos fixos das rúas, as masas a transitar un posto fronteirizo ou a actividade dentro dunha fábrica de tanques. A progresión da súa metraje vai levando tamén desde unha descrición máis de carácter global a unha individual.

A pesar da distancia e o cambio de paisaxe, as situacións e os conflitos son os mesmos para a poboación. A migración forzada por centos de miles de persoas e a violencia sistemática que sofren está moi presente. E este podería ser o maior logro do filme, rexistrar os reflexos, ecos e resonancias entre conflitos de países situados a miles de kilómetros con culturas e antecedentes moi distintos. Desta maneira o conflito de Siria explórase a través do ucraíno e viceversa, presaxiando a situación de millóns de ucraínos que están a fuxir agora da guerra.

A historia repítase en diversos lugares con diferentes persoas pero as consecuencias son sempre as mesmas en canto ao sufrimento de inocentes, que só queren seguir coas súas vidas. Cando Suleyman fala nun evento do centenario da Cruz Vermella e da súa experiencia como voluntario, irrompe gradualmente o son dun desfile militar e a transición ás imaxes da multitude de soldados uniformados marchando que ao remate compara nunha montaxe rápida co desfile do orgullo LGBT, as festas populares, as celebracións familiares e a multiculturalidade das rúas alemás. A utilización de elementos simbólicos a través da montaxe pretende obviar calquera posicionamento ideolóxico apriorístico, pero tamén sacrifica a análise das súas causas desde as condicións políticas e históricas.

Publicado en cinemaldito.com